4.1 Identificar as situacións legais de desemprego e calcular a prestación contributiva.	4	O desemprego	4,0
TOTAL			16

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA3.1 Valorouse o papel da seguridade social como pilar do estado social e para a mellora da calidade de vida da cidadanía.	<ul style="list-style-type: none"> TO.1 - o papel da seguridade social como pilar esencial do estado social e para a mellora da calidade de vida da cidadanía 	S	10
CA3.2 Delimitouse o funcionamento e a estrutura do sistema da seguridade social.	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - funcionamento e a estrutura do sistema de seguridade social 	S	10
CA3.3 Identificáronse, nun suposto sinxelo, as bases de cotización dunha persoa traballadora e as cotas correspondentes a ela e á empresa.	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - bases de cotización dunha persoa traballadora e as cotas correspondentes a ela e á empresa 	S	20
CA3.4 Determináronse as principais prestacións contributivas da seguridade social, os seus requisitos e a súa duración, e realizouse o cálculo da súa contía nalgúns supostos prácticos.	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 - principais prestacións contributivas de seguridade social, os seus requisitos e a súa duración, e realizouse o cálculo da súa contía nalgúns supostos prácticos 	S	30
CA3.5 Determináronse as posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos, e realizouse o cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico.	<ul style="list-style-type: none"> PE.3 - posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos, e realizouse o cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico 	S	30
TOTAL			100

4.8.e) Contidos

Contidos
A seguridade social como pilar do estado social.

Contidos
Estrutura do sistema de Seguridade Social. Determinación das principais obrigas das persoas empresarias e das traballadoras en materia de seguridade social. Protección por desemprego. Prestacións contributivas da seguridade social.

4.8.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
O sistema da Seguridade Social - O sistema e os reximes da Seguridade Social. Funcionamento e estrutura do sistema da Seguridade Social	<ul style="list-style-type: none"> Exposición teórica da unidade. 	<ul style="list-style-type: none"> Seguir a exposición do profesor polo libro de Editex. Tomar as notas que crean convintes. Realización de varios exercicios. 	<ul style="list-style-type: none"> Proba escrita. Realización de varios exercicios. 	<ul style="list-style-type: none"> Fotos Proba escrita. Manual de Editex. Canón Presentacións Videos 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - funcionamento e a estrutura do sistema de seguridade social TO.1 - o papel da seguridade social como pilar esencial do estado social e para a mellora da calidade de vida da cidadanía 	1,0
As obrigas do empresario e do traballador - As bases de cotización dunha persoa traballadora e as cotas de cotización do traballador e da empresa.	<ul style="list-style-type: none"> Exposición teórica da unidade. 	<ul style="list-style-type: none"> Seguir a exposición do profesor polo libro de Editex. Tomar as notas que crean convintes. Realización de varios exercicios. 	<ul style="list-style-type: none"> Proba escrita. Realización de varios exercicios. 	<ul style="list-style-type: none"> Fotos Proba escrita. Manual de Editex. Canón Presentacións Videos 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - bases de cotización dunha persoa traballadora e as cotas correspondentes a ela e á empresa 	2,0
Acción protectora da Seguridade Social: prestacións contributivas - Prestacións contributivas e os requisitos	<ul style="list-style-type: none"> Exposición teórica da unidade. 	<ul style="list-style-type: none"> Seguir a exposición do profesor polo libro de Editex. Tomar as notas que crean convintes. Realización de varios exercicios. 	<ul style="list-style-type: none"> Proba escrita. Realización de varios exercicios. 	<ul style="list-style-type: none"> Fotos Proba escrita. Manual de Editex. Canón Presentacións Videos 	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 - principais prestacións contributivas de seguridade social, os seus requisitos e a súa duración, e realízouse o cálculo da súa contía nalgúns supostos prácticos 	9,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
O desemprego - Situacións legais de desemprego e ácalculo a prestación contributiva	<ul style="list-style-type: none"> Exposición teórica da unidade. 	<ul style="list-style-type: none"> Seguir a exposición do profesor polo libro de Editex. Tomar as notas que crean convintes. Realización de varios exercicios. 	<ul style="list-style-type: none"> Proba escrita. Proba escrita. 	<ul style="list-style-type: none"> Fotos Proba escrita. Manual de Editex. Canón Presentacións Vídeos 	<ul style="list-style-type: none"> PE.3 - posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos, e realizouse o cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico 	4,0
TOTAL						16,0

4.9.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
9	O traballo en equipo e a resolución de conflitos	8

4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Participa responsablemente en equipos de traballo eficientes que contribúan á consecución dos obxectivos da organización.	SI

4.9.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar os equipos de traballo que se poidan dar nunha situación real ou taller do perfil profesional de técnico en instalacións electrotécnicas.. 1.2 Valorar as vantaxes do traballo en equipo sobre o traballo individual. 1.3 Determinar as características dun equipo de traballo eficaz fronte aos ineficaces 1.4 Valorar positivamente a existencia da diversidade de roles e opinións asumidas polos integrantes dun equipo de traballo 1.5 Empregar adecuadamente as técnicas de comunicación adecuadas no equipo de traballo para recibir e transmitir instrucións e actuar coordinadamente. 1.6 Avaliar o rendemento dun equipo de traballo para mellorar a súa actuación.	1	Os equipos de traballo	4,0
2.1 Recoñecer as causas ou fontes dos distintos conflitos e determinar as fases ou etapas polas que atravesan. 2.2 Determinar procedementos para a resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de traballo.	2	A xestión do conflito	4,0
TOTAL			8

4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Identifícanse os equipos de traballo en situacións de traballo relacionadas co perfil de técnico en instalacións eléctricas e automáticas e valoráronse as súas vantaxes sobre o traballo individual.	<ul style="list-style-type: none"> TO.1 - equipos de traballo en situacións de traballo relacionadas co perfil de técnico en electromecánica de vehículos automóbiles e valoráronse as súas vantaxes sobre o traballo individual 	S	10
CA1.2 Determináronse as características do equipo de traballo eficaz fronte ás dos equipos ineficaces.	<ul style="list-style-type: none"> TO.2 - características do equipo de traballo eficaz fronte ás dos equipos ineficaces 	S	10
CA1.3 Adoptáronse responsablemente os papeis asignados para a eficiencia e a eficacia do equipo de traballo.	<ul style="list-style-type: none"> TO.3 - papeis asignados para a eficiencia e a eficacia do equipo de traballo 	S	10
CA1.4 Empregáronse axeitadamente as técnicas de comunicación no equipo de traballo para recibir e transmitir instrucións e coordinar as tarefas.	<ul style="list-style-type: none"> TO.4 - as técnicas de comunicación no equipo de traballo para recibir e transmitir instrucións e coordinar as tarefas 	S	10
CA1.5 Determináronse procedementos para a resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de traballo.	<ul style="list-style-type: none"> TO.5 - procedementos para a resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de traballo 	S	10
CA1.6 Aceptáronse de forma responsable as decisións adoptadas no seo do equipo de traballo.	<ul style="list-style-type: none"> TO.6 - decisións adoptadas no seo do equipo de traballo 	S	25

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA1.7 Analizáronse os obxectivos alcanzados polo equipo de traballo en relación cos obxectivos establecidos, e coa participación responsable e activa dos seus membros.	<ul style="list-style-type: none"> TO.7 - obxectivos alcanzados polo equipo de traballo en relación cos obxectivos establecidos, e coa participación responsable e activa dos seus membros 	S	25
TOTAL			100

4.9.e) Contidos

Contidos
Diferenciación entre grupo e equipo de traballo. Valoración das vantaxes e os inconvenientes do traballo de equipo para a eficacia da organización. Equipos no sector das instalacións eléctricas e automáticas segundo as funcións que desempeñen. Dinámicas de grupo. Equipos de traballo eficaces e eficientes. Participación no equipo de traballo: desempeño de papeis, comunicación e responsabilidade. Conflito: características, tipos, causas e etapas. Técnicas para a resolución ou a superación do conflito.

4.9.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Actividade (título e descrición)						

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Os equipos de traballo - Equipos de traballo. Vantaxes do traballo en equipo sobre o traballo individual. Características dun equipo de traballo eficaz. Roles e opinións asumidas polos integrantes dun equipo de traballo. Técnicas de comunicación adecuadas. Rendemento dun equipo de traballo	<ul style="list-style-type: none"> • 	<ul style="list-style-type: none"> • • • 	<ul style="list-style-type: none"> • Proba escrita. • Realización de varios exercicios. 	<ul style="list-style-type: none"> • Fotos • Proba escrita. • Manual de Editex. • Canón • Presentacións • Vídeos 	<ul style="list-style-type: none"> • TO.1 - equipos de traballo en situacións de traballo relacionadas co perfil de técnico en electromecánica de vehículos automóbiles e valoráronse as súas vantaxes sobre o traballo individual • TO.2 - características do equipo de traballo eficaz fronte ás dos equipos ineficaces • TO.3 - papeis asignados para a eficiencia e a eficacia do equipo de traballo • TO.4 - as técnicas de comunicación no equipo de traballo para recibir e transmitir instrucións e coordinar as tarefas • TO.6 - decisións adoptadas no seo do equipo de traballo • TO.7 - obxectivos alcanzados polo equipo de traballo en relación cos obxectivos establecidos, e coa participación responsable e activa dos seus membros 	4,0
A xestión do conflito - Causas ou fontes dos distintos conflitos e as fases ou etapas. Procedementos para a resolución dos conflitos	<ul style="list-style-type: none"> • Exposición teórica da unidade. 	<ul style="list-style-type: none"> • Seguir a exposición do profesor polo libro de Editex. • Tomar as notas que crean convintes. • Realización de varios exercicios. 	<ul style="list-style-type: none"> • Proba escrita. • Realización de varios exercicios. 	<ul style="list-style-type: none"> • Fotos • Proba escrita. • Manual de Editex. • Canón • Presentacións • Vídeos 	<ul style="list-style-type: none"> • TO.5 - procedementos para a resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de traballo 	4,0
TOTAL						8,0

4.10.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
10	A procura de emprego	12

4.10.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Planifica o seu itinerario profesional seleccionando alternativas de formación e oportunidades de emprego ao longo da vida.	SI

4.10.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 - Valorar as propias aspiracións, motivacións, actitudes e capacidades que permitan a toma de decisións. 1.2 Tomar conciencia da importancia da formación permanente como factor clave para a empregabilidade e adaptación ás exixencias do sistema productivo 1.3 Coñecer e valorar as oportunidades de formación e emprego na Unión Europea. 1.4 Valorar o principio de non discriminación e de igualdade de oportunidades no acceso ao emprego e nas condicións de traballo. 1.5 Determinar as aptitudes e actitudes requiridas para a actividade profesional relacionada co perfil do título. 1.6 Identificar os itinerarios formativos- profesionais relacionados co perfil de técnico en instalacións electrotécnicas. 1.7 Prever e valorar as opcións de autoemprego dentro do perfil profesional de técnico en instalacións electrotécnicas.	1	A Busca activa de emprego e o proceso de selección de persoal	6,0
2.1 Deseñar un plan de acción para a busca de traballo. 2.2 Identificar as principais fontes de emprego e de inserción laboral para un técnico en este perfil profesional. 2.3 Coñecer e empregar adecuadamente as técnicas e instrumentos de procura de emprego tradicionais e as novas tecnoloxías (a rede). 2.4 Confeccionar unha axenda persoal que indique claramente as empresas, organismos, institucións e fontes de información onde buscar emprego (dirección, contacto, actividade, etc.).	2	Elaboración do caderno de autoemprego.	6,0
TOTAL			12

4.10.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA4.1 Valoráronse as propias aspiracións, motivacións, actitudes e capacidades que permitan a toma de decisións profesionais.	<ul style="list-style-type: none"> TO.1 - aspiracións, motivacións, actitudes e capacidades que permitan a toma de decisións profesionais 	S	10
CA4.2 Tomouse conciencia da importancia da formación permanente como factor clave para a empregabilidade e a adaptación ás esixencias do proceso productivo.	<ul style="list-style-type: none"> TO.2 - importancia da formación permanente como factor clave para a empregabilidade e a adaptación ás esixencias do proceso productivo 	S	10
CA4.3 Valoráronse as oportunidades de formación e emprego noutros estados da Unión Europea.	<ul style="list-style-type: none"> TO.3 - oportunidades de formación e emprego noutros estados da Unión Europea. 	S	10
CA4.4 Valorouse o principio de non-discriminación e de igualdade de oportunidades no acceso ao emprego e nas condicións de traballo.	<ul style="list-style-type: none"> TO.4 - principio de non-discriminación e de igualdade de oportunidades no acceso ao emprego e nas condicións de traballo 	S	10

Cráterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA4.5 Deseñáronse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional de técnico en instalacións eléctricas e automáticas.	<ul style="list-style-type: none"> TO.5 - itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional de técnico en electromecánica de instalacións eléctricas e automáticas 	S	10
CA4.6 Determináronse as competencias e as capacidades requiridas para a actividade profesional relacionada co perfil do título, e seleccionouse a formación precisa para as mellorar e permitir unha axeitada inserción laboral.	<ul style="list-style-type: none"> TO.6 - competencias e as capacidades requiridas para a actividade profesional relacionada co perfil do título, e seleccionouse a formación precisa para as mellorar e permitir unha axeitada inserción laboral 	S	10
CA4.7 Identificáronse as principais fontes de emprego e de inserción laboral para as persoas coa titulación de técnico en instalacións eléctricas e automáticas.	<ul style="list-style-type: none"> TO.7 - principais fontes de emprego e de inserción laboral para as persoas coa titulación de técnico en electromecánica de instalacións eléctricas e automáticas. 	S	20
CA4.8 Empregáronse adecuadamente as técnicas e os instrumentos de procura de emprego.	<ul style="list-style-type: none"> TO.8 - técnicas e os instrumentos de procura de emprego 	S	10
CA4.9 Prevíronse as alternativas de autoemprego nos sectores profesionais relacionados co título.	<ul style="list-style-type: none"> TO.9 - autoemprego nos sectores profesionais relacionados co título 	S	10
TOTAL			100

4.10.e) Contidos

Contidos
Coñecemento dos propios intereses e das propias capacidades formativo-profesionais.
Importancia da formación permanente para a traxectoria laboral e profesional das persoas coa titulación de técnico en instalacións eléctricas e automáticas.
Oportunidades de aprendizaxe e emprego en Europa.
Itinerarios formativos relacionados coa titulación de técnico en instalacións eléctricas e automáticas.
Definición e análise do sector profesional do título de técnico en instalacións eléctricas e automáticas.
Proceso de toma de decisións.
Proceso de procura de emprego no sector de actividade.
Técnicas e instrumentos de procura de emprego.

4.10.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
A Busca activa de emprego e o proceso de selección de persoal - Cómo se busca emprego e cómo é a selección de persoal	<ul style="list-style-type: none"> Exposición teórica da unidade. 	<ul style="list-style-type: none"> Seguir a exposición do profesor polo libro de Editex. Tomar as notas que crean convintes. Realización de varios exercicios. 	<ul style="list-style-type: none"> Proba escrita. Realización de varios exercicios. 	<ul style="list-style-type: none"> Fotos Proba escrita. Manual de Editex. Canón Presentacións Vídeos 	<ul style="list-style-type: none"> TO.1 - aspiracións, motivacións, actitudes e capacidades que permitan a toma de decisións profesionais TO.2 - importancia da formación permanente como factor clave para a empregabilidade e a adaptación ás esixencias do proceso produtivo TO.3 - oportunidades de formación e emprego noutros estados da Unión Europea. TO.4 - principio de non-discriminación e de igualdade de oportunidades no acceso ao emprego e nas condicións de traballo TO.5 - itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional de técnico en electromecánica de instalacións eléctricas e automáticas TO.6 - competencias e as capacidades requiridas para a actividade profesional relacionada co perfil do título, e selecciónouse a formación precisa para as mellorar e permitir unha axeitada inserción laboral TO.8 - técnicas e os instrumentos de procura de emprego 	6,0
Elaboración do caderno de autoemprego. - Proceso de elaboración do caderno de autoemprego	<ul style="list-style-type: none"> Exposición teórica da unidade. 	<ul style="list-style-type: none"> Seguir a exposición do profesor polo libro de Editex. Tomar as notas que crean convintes. Realización de varios exercicios. 	<ul style="list-style-type: none"> Proba escrita. Realización de varios exercicios. 	<ul style="list-style-type: none"> Fotos Proba escrita. Manual de Editex. Canón Presentacións Vídeos 	<ul style="list-style-type: none"> TO.7 - principais fontes de emprego e de inserción laboral para as persoas coa titulación de técnico en electromecánica de instalacións eléctricas e automáticas. TO.9 - autoemprego nos sectores profesionais relacionados co título 	6,0
TOTAL						12,0

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos exigibles son os Resultados da Aprendizaxe establecidos no currículo do módulo. Distinguindo as dúas Unidades Formativas temos que para superar a Unidade Formativa 1 Prevención de riscos laborais o alumnado terá que acadar os seguintes Mínimos:

1. Recoñecer os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral.
2. Avaliar as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional, analizando as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector das instalacións eléctricas e automáticas.
3. Participar na elaboración dun plan de prevención de riscos e identificar as responsabilidades de todos os axentes implicados.
4. Determinar as medidas de prevención e protección no ámbito laboral da titulación de técnico en instalacións eléctricas e automáticas.

Na UF2 Equipos de Traballo, Dereito do traballo e da Seguridade Social e procura de emprego, tamén hai catro resultados de aprendizaxe a conseguir e non todos teñen a mesma complexidade.

1. Participar responsablemente en equipos de traballo eficientes que contribúan á consecución dos obxectivos da organización.
2. Identificar os dereitos e as obrigas que derivan das relacións laborais, e recoñecelos en diferentes situacións de traballo.
3. Determinar a acción protectora do sistema de Seguridade Social ante as contingencias cubertas, e identificar as clases de prestacións e determinar o cálculo de algunha.
4. Planificar o itinerario profesional seleccionando alternativas de formación e oportunidades de emprego ao longo da vida.
5. Realizar algúns cálculos para a realización de nóminas e saber interpreta-las.

A complexidade dos mínimos a acadar está de manifesto na necesidade de adicarlle un maior ou menor número de unidades didácticas e polo tanto, máis temporalización. Ademais dentro de cada unidade didáctica xa se pondera o peso dos criterios de avaliación que están presentes na mesma en relación ao Resultado de Aprendizaxe.

Para acadar a avaliación positiva será preciso que o alumno supere as probas escritas que se farán ao longo do curso, como mínimo unha por trimestre, e que terán un peso na cualificación do 50%, descansando o 50% restante no traballo, esforzo e interese que amose e que será observado a través das intervencións nas clases, presentación de tarefas e traballos seguindo as indicacións de forma, contido e prazos establecidos pola profesora, etc.

Cando haxa máis de unha proba por trimestre para poder aprobar terá que ter como mínimo un 4 para poder facer media cas outras probas.

O aprobado esixe como mínimo obter un 5.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Ao tratarse dun ensino post obrigatorio o traballo e esforzo persoal do alumno é un requisito imprescindible para acadar unha avaliación positiva polo que a realización puntual de tarefas, ter o caderno ou libreta en orde e completo, a actitude respectuosa e participativa na clase, valorarase de xeito positivo, dándolle a oportunidade de repetir tarefas ou traballos que presentados no seu momento poideran presentar algún tipo de eiva ou erros. En caso contrario non se pode falar de recuperación porque xa non houbo ningún tipo de acción pola súa parte que fora avaliada negativamente. Polo tanto, o traballo constante é unha premisa para poder optar a algún tipo de recuperación.

Partindo do antedito e dependendo dos obxectivos didácticos non acadados polo alumno deseñaranse unha serie de actividades coas indicacións

oportunas de forma e datas de entrega. Nalgúns casos estas tarefas serán utilizados pola profesora como instrumentos de avaliación da recuperación do alumno e, noutros casos, serán medidas de reforzo para que despois o alumno supere unha proba obxectiva a realizar nunha data determinada pola profesora.

Estas actividades de recuperación poderán consistir nunha fichas de traballo do alumno que se lle darán impresas e que deberán entregar realizadas nunhas datas determinadas e que a profesora correxirá e devolverá ao alumno comentando o resultado, sinalando día, hora e lugar fora das horas de clase; ou ben, será posible atender mediante a aula virtual ou cunha conta de correo (no caso de que teñan ordenador persoal e acceso a internet na casa) de xeito individual a cada alumno aclarando dúbidas e propoñendo actividades ou tarefas on line.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Como este módulo ten dúas Unidades Formativas é posible que tendo en conta a temporalización do módulo o alumno acudira con regularidade ás clases durante unha parte do curso no que se desenvolveu unha das unidades e que a teña superada. Neste caso a proba extraordinaria terá por obxecto avaliar se o alumno acada os obxectivos da unidade formativa, na que perdeu o dereito de avaliación.

Cando a perda do dereito de avaliación se produce no primeiro trimestre o alumno terá que facer a proba completa.

A proba de avaliación extraordinaria terá dúas partes; unha sobre Prevención de riscos Laborais e outra sobre Equipos de traballo, Dereito do traballo e Seguridade Social e Procura de emprego. A proba terá cuestións de resposta curta ou longa ou ben tipo test e resolución de supostos. Con antelación publicarase no taboleiro de anuncios a data de realización da proba obxectiva, hora e lugar

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

No caderno de aula, na aplicación Sixa, irei reflectindo o avance da programación, explicando as desviacións que se produzan, analizando a adecuación da práctica docente e das actividades de ensino-aprendizaxe previstas ou desenvolvidas ao grupo e aos alumnos individualmente.

Mensualmente serán obxecto de posta en común co resto das membros do departamento na reunión pertinente coa finalidade de analizar a situación e obter algunha conclusión que sirva para mellorar a práctica docente e os resultados.

O final de curso entregarase un cuestionario anónimo a os alumnos sobre a adecuación da temporalización, contidos, explicacións, exercicios e sobre si a forma de facelos é adecuada ou non, e se hai fallos intentar correxilos.

Cos datos obtidos irase facendo a revisión e modificación da programación.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Medidas de Atención á Diversidade.-

O artigo 73 da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, que modifica a Lei orgánica 2/2006 de educación, define ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (ACNEAE) como "aquele que afronta barreiras que limitan o seu acceso, presenza, participación ou aprendizaxe, derivadas de discapacidade (diversidade funcional) ou trastornos graves de conduta, da comunicación e linguaxe, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, e que require determinados apoios e atención educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe axeitados ao seu desenrolo".

"os centros elaborarán as súas propostas pedagóxicas para todo o alumnado (...), atendendo á súa diversidade" (art. 18) e especifica que "os referentes de avaliación, no caso de ACNEE, serán os incluídos nas correspondentes adaptacións do currículo, sen que este feito poida impedirles

a promoción ou titulación. Estableceranse as medidas máis axeitadas para que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do ACNEAE" (art. 28.10 de avaliación e promoción).

Complementando a normativa legal a propia Consellería ten protocolos de actuación para alumnado con dificultades de aprendizaxe (Educonvives) que se toman en consideración.

O departamento de Orientación do centro elaborou un dossier que foi posto a disposición de todo o profesorado para guiar a adaptación das respectivas programacións didácticas e que se toma en consideración neste apartado.

O obxectivo da avaliación inicial ou diagnóstica é coñecer o estado inicial do noso alumnado e poder adaptar os procedementos e estratexias de ensino-aprendizaxe ás peculiaridades ou dificultades existentes. Esas adaptacións poden ser a nivel grupal ou individual.

Para a realización da avaliación inicial o primeiro paso é reunir a maior información posible sobre cada un dos alumnos, para o que utilizarei os seguintes medios ou instrumentos:

Informes de Orientación que indiquen se hai algún alumno/a con dificultades derivadas dalgún tipo de diagnóstico psico-pedagógico que esixa a adopción de medidas de adaptación na materia.

Consulta dos expedientes académicos para detectar as dificultades académicas na anterior etapa educativa.

Información do profesorado que xa os coñecen. De aquí sae información moi útil non só sobre as dificultades académicas, senón de hábitos de traballo, comportamento, dificultades do seu entorno familiar, etc.

A Observación do alumnado na aula durante este primeiro mes de clase. Observarei a súa actitude na clase, o ritmo de traballo, nivel de atención, xestión eficaz do tempo na realización das tarefas, as relacións que establecen entre sí, as dificultades de comprensión ou de expresión, impulsividade, retraimento, falla de madurez, organización, etc.

Enquisa individual a través dunha ficha inicial. Na que lles pregunto sobre os hábitos de traballo, as materias que máis lle gustaban na ESO, afeccións e motivación para facer o ciclo. Habilidades ou competencias persoais, manexo das TICs. Se teñen ou non ordenador persoal, se teñen acceso a internet. Se teñen un espazo propio de traballo e se contan con tempo para adicarllo especificamente ás tarefas escolares sen ser molestado ou reclamado para axudar noutras tarefas da casa.

Proba escrita de coñecementos iniciais. Pasadas 3 semanas, dende o comezo do curso, fago unha proba sobre os contidos impartidos. Esta sérveme para ver as dificultades que tiveron. Tamén lles pregunto sobre a dificultade do exame para que valoren se lles resultou difícil ou fácil, (pola materia en sí, pola maneira de facerlles as preguntas, porque non entenden as explicacións, non estudaron o suficiente, ou por outras circunstancias). Tamén reviso o caderno do alumno ou as tarefas que me remitiron ao correo para valorar o seu esforzo, constancia, atención e seguimento das indicacións dadas para realizar as tarefas, dificultades como usuario dos programas informáticos básicos, etc.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Diferenciarei as medidas de reforzo segundo as causas que as xustifican:

1. Constancia no departamento de Orientación de alumnado con NEE, temporais ou permanentes que esixen a adopción de medidas específicas de adaptación.

É o caso dun alumno do grupo proveniente da FPB diagnosticado con TDHA.

Neste caso non presenta inicialmente problemas de comportamento relevantes polo que adoptarei :

medidas de supervisión máis constante e puntual das súas tarefas, así como revisión das medidas do Protocolo de dificultades de aprendizaxe (educonvives) da consellería.

Tentarei alternar as explicación teóricas coas tarefas ou actividades a realizar polo alumnado.

Explicacións breves e claras, pautadas, e con exemplificacións de ser o caso.

Na proposta das tarefas darei tamén instrucións concisas e concretas. Fragmentarei as tarefas para que poida realizalas en pasos simples e comprensibles, que lle permita a satisfacción dun logro inmediato.

Tentarei reforzar positivamente en público os seus logros e facerlle as advertencias sobre condutas ou comportamentos a mellorar en privado.

Prestarei especial atención ao deseño dos instrumentos de avaliación. Valorarei a conveniencia de facer unha proba utilizando o propio ordenador, unha proba escrita convencional, unha proba oral ou ben utilizar varias destas posibilidades de xeito complementario.

No desenvolvemento das probas escritas coidarei especialmente de que entenda o que lle pido en cada unha das cuestións que deba responder, en que non deixe cuestións en branco por despistes ao non darlle volta ao folio, por exemplo. Coidarei de que revise todo antes de entregalo. Darei tempo dabondo para que poida pararse a ler detidamente e a contestar de xeito reflexivo. Se é preciso, tamén darei unha pauta para que saiba o espazo que ten para contestar a pregunta (evitando divagacións).

Así mesmo, no caso de non superar algunha proba poderá recuperala mediante algún tipo de tarefa ou da realización dunha nova proba.

Dado que xa fun advertida de que os resultados nos exames ou controis acostuman a ser máis baixos do que se podería esperar, tendo en conta as súas intervencións nas clases e a súa propia actitude, a observación e seguimento durante as clases será un instrumento de avaliación a ter en conta neste caso de xeito especial.

2. Alumnado repetidor.

Temos un alumno que repite a súa matrícula neste primeiro curso.

Neste caso trátase dun alumno que coñezo do curso anterior e que desafortunadamente abandonou.

As causas foron diversas; a última, máis inmediata e visible, foi o abandono á volta das vacacións de Semana Santa coa desculpa de que ía comezar a traballar. Aínda que no departamento de Orientación nunca se tivo constancia de que existira un diagnóstico específico e polo tanto, que fora un alumno con NEE, creo que precisa das mesmas pautas que o alumno diagnosticado con TDHA.

3. Outras situacións que poidan xurdir ao longo do curso e que precisen algún tipo de intervención específica, serán comunicadas se fora preciso ao titor do grupo, e/ou ao departamento de Orientación, para adoitir medidas conxuntas de actuación ou medidas de atención á diversidade que poidan ser precisas.

Por último, como entendo que a educación inclusiva só se pode conseguir se o alumnado se sente tratado dun xeito equitativo e igualitario sen que se poidan establecer diferencias que supoñan algún tipo de estigma ou etiqueta entre o alumnado; a adopción destas medidas obrigan a facer unha adaptación xeral dos procesos de ensino-aprendizaxe neste grupo, de maneira que as medidas adoptadas con relación á estrutura das sesións lectivas (explicación e traballo do alumnado), uso dos instrumentos de avaliación, deseño das probas, execución das mesmas en tempo e forma, e procedementos de recuperación sexan aplicados de xeito xeral na aula, como dirixidas ao grupo-clase. Lóxicamente os resultados serán individuais, dependendo do nivel de logro das competencias clave.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

A educación nos valores constitúe un dos factores básicos que determinan a calidade do ensino.

Os valores que favorecen a madurez intelectual e humana dos alumnos englobáanse nas chamadas ensinanzas ou temas transversais, que non constitúen en si mesmos unha asignatura ou módulo, senón que deben ser tratados dende perspectivas académicas distintas e, polo tanto, inciden parcialmente na programación curricular das diferentes áreas.

Os Dereitos Humanos e os valores éticos de xustiza, solidariedade, igualdade, tolerancia, respecto, paz, saúde, etc; son eixes fundamentais sobre os que pivotan os contidos deste módulo de tan fondo contido social. É por esta razón pola que :

Participamos de xeito activo co alumnado dos ciclos formativos o 25 de novembro nunha actividade, xa tradicional no noso centro, de

sensibilización e rexeitamento dos feminicidios.

A igualdade efectiva entre homes e mulleres tratámolo de xeito específico dentro da propia materia do módulo e de xeito sinalado o 7 de marzo (día da muller). Dentro da unidade didáctica de conciliación da vida familiar e igualdade efectiva entre homes e mulleres.

Na semana previa ao 1 de maio o alumnado recaba información sobre a orixe dese día e celebramos debates nos que reflexionamos sobre as condicións de traballo que se daban nese momento histórico e as condicións actuais do emprego, traballo infantil, a xornada laboral, a importancia dos sindicatos na súa orixe e na actualidade, por exemplo.

Outro valor importante é a tolerancia e o respecto ás ideas, opinións, tendencias sexuais, procedencia xeográfica, condicións económicas e sociais etc. Este valor debe ser potenciado en todos os ámbitos e por suposto, dende as aulas. A educación debe ser o contrapeso das actitudes irreflexivas, intolerantes e xenófobas que, cada vez e grazas ás redes sociais entre outros factores, prenden coma a pólvora en sectores da poboación que queren que lles solucionen rápidamente problemas moi complexos, que lles dean solucións sen necesidade de ter que analizar circunstancias, nin contrastar a veracidade da información, nin analizar as consecuencias dos medios a utilizar.

A realidade ofrece a cotío novas para poder tratar e analizar na clase este valor fundamental. Soe tratarse en relación ao acoso laboral, non discriminación no traballo, igualdade de trato, tanto no acceso ao traballo como durante a relación laboral.

Tradicionalmente participamos en actividades sobre comercio xusto, que tratan de sensibilizar a toda a comunidade educativa sobre a xustiza social que supón retribuír adecuadamente aos produtores e favorecer os produtos de proximidade como instrumento de progreso das comunidades locais.

O respecto ao medio ambiente e a natureza e a súa protección estiveron presentes sempre no currículo aínda que cunha dimensión máis ben de cultura cívica (non tirar o lixo en calquera sitio, separalo, coidar os ríos, os nosos montes, facer que as empresas sexan responsables na protección do medio ambiente, etc) para converterse nun valor fundamental para loitar contra a destrución do noso habitat, evitar as catástrofes naturais, e poder ter un futuro como especie. Este valor trátase na unidade formativa de prevención de riscos laborais, en especial ao falar dos factores ambientais de risco, pero ao longo do curso sempre hai algunha nova da actualidade que da pé a falar do medio ambiente e da necesidade de preservalo.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Baixo a situación pandémica non será posible a realización das actividades complementarias e extraescolares que tradicionalmente programaba o departamento. No caso de que as circunstancias actuais melloren podería valorarse a realización das seguintes:

Simulacro de extinción de incendios. No propio centro. A finais do primeiro trimestre. Este ano poderíamos facelo como unha práctica no uso dos extintores. Aínda que sería moi interesante poder contar con algún técnico en extinción de incendios á vista da situación cada vez máis alarmante con incendios que se comportan de maneira voraz e explosiva arrasando hectáreas de monte.

Taller de primeiros auxilios impartido pola Cruz Bermella. Facíase tódolos anos a principios do segundo trimestre. O curso pasado xa non se impartiu e non sei se este ano retomarán esta actividade.

Acudir a un xuízo do ámbito social. É unha actividade axeitada para o terceiro trimestre xa que a esas alturas de curso os temas dos dereitos e deberes derivados do contrato de traballo, así como a suspensión e extinción e as súas consecuencias xa están impartidos, o que lles permite ver como se desenvolve un xuízo e entender mellor que é o que se discute e as consecuencias para as partes litigantes. Esta actividade só poderá facerse pedindo un diñeiro ao alumnado para o gasto do transporte, xa que o transporte a Santiago ou a Ourense orixina uns custes que o departamento non pode asumir.

A visita a empresas da zona tamén é unha actividade interesante e podería facerse en calquera dos trimestres do curso. De novo as dificultades están no desprazamento ata calquera dos dous polígonos da localidade.

O viveiro de empresas que temos no centro tamén organiza actividades moi interesantes traendo ponentes de temática diversa vinculada ao emprendemento, aos recursos humanos, ás actitudes de cara ao primeiro emprego ou do autoemprego. A dificultade está en que a capacidade do Salón de Actos é limitada e soen ter preferencia as persoas vinculadas ao viveiro, ao alumnado da familia administrativa, e aos segundos anos dos ciclos xa que teñen o módulo de Empresa e Iniciativa Emprendedora.

10. Outros apartados

10.1) Exposición da programación

A principios de curso informarase ao alumnado dos criterios e instrumentos de avaliación, dos mínimos esixibles, do número aproximado de probas escrita a o longo do curso, así como da exposición pública da programación na páxina web do centro.

10.2) PENDENTES

1. O alumnado que promociona a segundo ano do ciclo deixando pendente o módulo de FOL, será informado por escrito na avaliación final dos módulos de primeiro ano (xuño) dos obxectivos non acadados e das actividades, tarefas e probas escritas que deberán realizar para superalo. Dado que teñen que asistir aos módulos de segundo ano e co fin de favorecer ao alumnado, o ideal sería sinalar de acordo co alumno/a datas de recuperación no primeiro mes de clase (outubro) sempre que sexa posible.

No informe de avaliación do módulo, no primeiro ano, xa se indicará se debe recuperar todo o módulo ou simplemente determinados obxectivos dunha ou das dúas unidades formativas que o integran.

No caso de non superar o módulo na avaliación previa á FCT de marzo (2ºano), incorporaranse ás clases de recuperación e reforzo ata a avaliación final extraordinaria de xuño.

Este ano non se da a circunstancia de ter ningún alumno pendente co módulo de FOL, polo que as previsións anteriores non terán aplicación.